Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras


CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Pena Ferrada



Entre as aldeas de Vilouriz e Vilamor, concello de Toques (A Coruña) existe un treito, hoxe en desuso, do trazado do Camiño Primitivo ou de Oviedo, considerado por Javier Gómez Vila como un tramo da vía XIX do itinerario de Antonino. Na actualidade vese con claridade, a pesar de estar interrompido por un prado, a caixa

da vía ou calzada que discorre a media ladeira. Consérvanse nalgúns tramos restos de enlousado e rodeiras de carro marcadas na rocha. A rocha nesa zona é de gneis, coñecida nesta comarca como ollo de sapo.



Nun alombamento que debuxa a rocha, nese treito, que se coñece como a Pena Ferrada, aparecen gravados dous podomorfos, moi atípicos, xunto a unha cazoleta.

É moi probable que o topónimo Pena Ferrada faga mención a estas gravuras, en forma de pezuños ou pegadas de animais. Os veciños das aldeas sosteñen, baseándose na tradición popular, que responden a milagres entroncados co mundo cristián.



Uns din que cando un peregrino que ía facendo o camiño ata Santiago, a cabalería que o levaba axeonllouse, deixando as pegadas das ferraduras e do xeonllo na pena. Outra versión atribúeo a cando a Virxe ía de camiño co Neno, a burra axeonllouse, deixando as pegadas das ferraduras e do xeonllo.

[Texto e fotos remitidos por Xurxo Broz e Cristina Vázquez, de Melide (A Coruña). Febreiro de 2015]

BIBLIOGRAFÍA

Xosé Manuel Broz Rei: "*A Pena Ferrada"*, publicado no Boletín nº 20 do Centro de Estudios melidenses-Museo da Terra de Melide.

Cristina Vázquez Neira e Xurxo Broz Rodríguez: "*O petroglifo da Pena Ferrada"*, publicado no Boletín nº 24 do Centro de Estudios melidenses- Museo da Terra de Melide.